

CONCRECIÓN CURRICULAR

IES DA ILLA DE AROUSA

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 21-04-2022

DATA INFORMACIÓN AO CONSELLO: 21-04-2022

DATA 1ª REVISIÓN: Febreiro 2023

DATA 2ª REVISIÓN: setembro 2023

Sumario

0. INTRODUCCIÓN.....	3
1. CONTRIBUCIÓN DAS DIFERENTES MATERIAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAS DE ÁREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.....	3
2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA (disposición do alumnado na aula, aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos,...).....	5
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	6
3.1 Criterios xerais para agrupamentos do alumnado.....	6
3.2 Criterios xerais para establecer os reforzos educativos.....	7
3.3 Criterios xerais para a intervención da P.T.....	7
4. Recursos e materiais. (Especificar, no seu caso, relación de libros de texto por nivel educativo con expresión da data de aprobación por parte da Inspección Educativa).....	8
4.1 Recursos.....	8
4.2 Libros de texto.....	9
5. Tratamento dos elementos transversais nas áreas/materias concretados por nivel educativo.....	11
6. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO (Especificar para cada un deles xustificación da necesidade, data de implantación,...):.....	12
6.1 Innovación e calidade educativa:.....	12
7. Materias de libre configuración (facer constar data de autorización XT):.....	13
8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR E ORGANIZAR AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	13
8.1. Integrantes do departamento de actividades complementarias e extraescolares.....	14
8.2. Funcións do DACE.....	14
8.3 Criterios xerais para o deseño e a realización de actividades extraescolares.....	14
9. Pautas e criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares (disposición adicional terceira do D.105/2014).....	15
10. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO (modelo unificado de información sobre as programacións, uso da axenda escolar, uso da páxina web, reunións, titorías pais, aula virtual...).....	15
10.1 Presentacións alumnado.....	15
10.2 Comunicación inicio de curso. Familias.....	15
10.3 Espazo ABALAR (familias).....	15
10.4 Notas (familias).....	16
10.5 AULA VIRTUAL (Alumnado).....	16
10.6 Titorías (Familias).....	16
10.7 Páxina Web e Blogs (Alumnado e Familias).....	16
11. AVALIACIÓN DO ALUMNADO.....	17
11.1. Datas de avaliación. Modelo de actas.....	17
11.2. Avaliación inicial.....	17
11.3. Criterios xerais de promoción do alumnado por curso/etapa.....	17
11.4. Criterios de titulación.....	19
11.5. Protocolo para a elaboración de plans específicos para alumnado repetidor.....	20
11.6. Criterios xerais para o tratamento das materias pendentes.....	21
11.7. Procedemento de revisión e reclamacións das cualificacións.....	21
MODELOS DE RECLAMACIÓN.....	24
11.8. Criterios xerais do outorgamento de Mencións Honoríficas.....	24
12. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE.....	24
13. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	25
ANEXO I.....	27
ANEXO II.....	29
ANEXO III.....	36

0. INTRODUCCIÓN

Atendendo ao Decreto 86/2015, de 25 de xuño, a concreción curricular de cada etapa incluírá as adaptacións do currículo baseadas nas características do entorno social e cultural do centro e que deberá incorporar os aspectos específicos que definan o carácter singular do centro.

A concreción curricular é un documento que debe estar incluído no Proxecto Educativo.

1. CONTRIBUCIÓN DAS DIFERENTES MATERIAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAS DE ÁREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.

1º da ESO							
Materias	Competencias						
	CCL	CMCCT	CSC	CD	CCEC	CSIE	CPAA
LGeL	106	0	12	9	5	3	18
LCeL	90	3	16	7	11	5	13
Inglés	54	0	0	19	27	0	27
Matemáticas	4	150	5	3	2	5	6
Xeo.His.	12	19	28	14	9	18	0
EPVA	0	12	0	13	32	28	14
Bio. Xeo.	8	86	13	6,5	6,5	8	15
Ed.Fís.	2	2	34	2	5	17	31
Francés	27	0	0	19	27	0	27
ITI	22	0	9	25	2	12	30
Relixión	23	7	14	2	21	16	16
Val. Ét.	21	3	37	6	0	17	17

2º da ESO							
Materia	Competencias						
	CCL	CMCCT	CSC	CD	CEC	CSIE	CAA
LGeL	106	0	16	8	4	3	16
LCeL	90	3	15	7	12	5	13
Inglés	48	0	23	16	23	0	14
Matemáticas	4	148	5	4	2	5	6
Xeo.His.	18	23	23	15	5	21	0
Fís. Quí.	10	120	7	4	2	7	10
Tecnoloxía	12	68	6	13	3	11	21
Música	9,5	4	7,5	9,5	49	9,5	11
Ed.Fís.	2	9	34	2	5	17	31
Francés	25	0	0	22	24	3	25
Paisaxe	14	26	27	12	2	0	19
Programación	4	27	5	27	5	18	14
Relixión	26	2	14	5	19	14	21
Val. Ét.	21	3	37	6	0	17	17

3º da ESO							
Materia	Competencias						
	CCL	CMCCT	CSC	CD	CEC	CSIE	CAA
LGeL	104	0	18	9	2	2	17
LCeL	112	2	13	5	12	6	6
Inglés	46	0	23	8	23	0	23
Mat. Ac.	4	148	5	4	2	6	5
Mat. Ap.	5	144	5	4	3	6	5
Xeo.His.	17	13	19	11	4	11	24
Bio. Xeo.	5	100	20	5	5	3	12
Fís. Quí.	8	59	7	7	4	7	8
Tecnoloxía	12	52	5	15	3	13	26
Música	10	0	10	7	42	9	22
Ed.Fís.	2	8	28	2	15	19	26
EPVA	0	12	0	13	32	28	14
Francés	20	0	20	15	20	5	20
Cu.Cla.	19	12	17	16	16	3	17
Relixión	29	0	17	9	14	14	17
Val. Ét.	6	3	37	6	0	17	17

4º da ESO							
Materia	Competencias						
	CCL	CMCCT	CSC	CD	CEC	CSIE	CAA
LGeL	112	0	17	8	5	2	12
LCeL	82	3	16	8	11	4	17
Inglés	48	0	23	10	20	0	23
Mat. Ac.	4	148	5	3	2	5	6
Mat. Ap.	7	140	6	4	1	5	7
Xeo.His.	25	5	27	2	2	2	37
Bio. Xeo.	13	46	10	3	2	14	35
Fís. Quí.	6	124	6	8	5	6	7
Latín	32	8	10	14	10	22	4
Economía	15	23	22	20	0	3	17
IAEE	7	25	7	17	0	30	15
CAAP	8	28	21	7	1	15	20
EPVA	0	12	0	13	32	28	14
Música	11	5	25	18	23	6	12
Francés	22	0	21	13	22	1	21
TIC	12	24	10	27	5	10	12
Filosofía	34	5	15	4	15	9	18
Cu.Ci.	13	40	16	6	9	7	9
Ed.Fís.	1	30	20	1	2	25	21
Relixión	22	2	18	2	18	14	24
Val. Ét.	21	3	37	6	0	17	17

2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA (disposición do alumnado na aula, aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos,...)

É innegable que cada materia implica unha serie de orientacións metodolóxicas diferentes, derivadas do contido que pretenden transmitir, da aplicación práctica de cada unha, dos obxectivos que se busquen.

Tendo en conta o artigo 17 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- Atenderase a diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas

situacións.

- Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo que o alumno/ aprenda por si mesmo/a.
- Estimularase o traballo en equipo.
- Buscarase unha metodoloxía activa e participativa na que teñan cabida o traballo individual e cooperativo.
- Daráselle prioridade a comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánica e memorística. Só así se poderá poñer en práctica o aprendido e transferir esa aprendizaxe á vida real.
- Do mesmo xeito que o anterior tenderá a dársele máis importancia ao proceso que ao resultado, o que implica valorar a participación e o esforzo do alumnado aínda cando non chegue a un resultado completamente satisfactorio.
- Fomentarase a reflexión persoal e crítica sobre todo o realizado.
- Autonomía. O alumnado deberá ser crítico, chegando a conclusións propias e reelaborando a aprendizaxe para facer desta unha verdadeira aprendizaxe significativa e funcional.
- Procurarase elaborar traballos interdisciplinares nos que a coordinación do equipo docente é fundamental. Por outra banda, permite a interrelación de contidos de diferentes materias. A biblioteca é un eixo vertebrador ideal para este tipo de proxectos (O IES da Illa de Arousa ten unha dilatada experiencia nestas iniciativas, e a Biblioteca sempre xogou un papel importante).
- Contribuirase ao desenvolvemento competencial do alumnado e traballará, como corresponde, a transversalidade.
- O emprego das TIC está tamén presente: elaboración de traballos ou apoio a exposicións na aula con power points ou moviemaker...

En canto á disposición do alumnado na aula, dependerá do tipo de actividade que se realice e da propia materia.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O IES Illa de Arousa, ten como un dos seus principais referentes a Atención á Diversidade, de xeito que cada alumno/a poida desenvolver ao máximo as súas capacidades, para isto tomamos en consideración as diferentes posibilidades que propón a Lei de Educación: Desdobres, Agrupamentos Flexibles, Programas de diversificación curricular, Reforzo Educativo, ACS, Apoio dentro e fora da aula, Atención ao alumnado Repetidor, Atención ao Alumnado con Materias Pendentes, .

3.1 Criterios xerais para agrupamentos do alumnado.

Así que mantemos os seguintes criterios para a elaboración dos grupos, criterios que tamén están recollidos na Plan de Atención á Diversidade e no Plan de Igualdade.

- Paridade entre alumnas e alumnos (paridade).
- Grupos heteroxéneos.
- Medidas organizativas e curriculares para atender ás necesidades específicas de apoio educativo e alumnado con necesidades especiais (reparto entre os diferentes grupos).
- Elección das materias específicas (modalidade, optatividade).
- Para o alumnado de 1º da ESO as medidas veñen determinadas pola información achegada polo seu profesorado de Primaria e o departamento de Orientación dese centro de referencia.
- Para alumnado a partires de 2º da ESO a experiencia do curso anterior, os informes de avaliación e os informes do departamento de Orientación, ademais dos anteriores expostos.
- No caso de irmáns (e xemelgos de xeito máis específico) escoitarase á familia.
- Terase sempre en conta toda información de carácter confidencial que se achegue ao equipo directivo ou ao departamento de Orientación e que poida dificultar a convivencia no grupo.

3.2 Criterios xerais para establecer os reforzos educativos

Debemos ter en conta dous tipos de Reforzos Educativos, aqueles realizados polo profesorado durante a súa práctica educativa habitual para o alumnado que así o requira e o indicado para o alumnado que estea Exento de 2ª Lingua Estranxeira. Polo tocante ao primeiro dos tipos, a decisión da súa necesidade é responsabilidade do profesor da materia e fará constar a aplicación desta medida nas súas calificacións engadindo R.E. á nota do alumno/a beneficiario desta medida. A LOMCE e as resolucións correspondentes para a súa implantación establecen que aqueles alumnos e alumnas de primeiro e segundo cursos da ESO que presenten dificultades xeralizadas nas áreas lingüísticas poderán estar exentos da Segunda Lingua Estranxeira, adicando este horario a Reforzo Educativo naqueles aspectos nos que se detecten estas dificultades.

Seguindo esta recomendación o IES Illa de Arousa, decide establecer Reforzos Educativos en Linguas e Matemáticas nos cursos 1º e 2º da ESO

3.3 Criterios xerais para a intervención da P.T.

O profesor de pedagogía terapéutica traballará fundamentalmente co alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. E exercerá sempre que sexa

posible o apoio dentro da aula ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe escolar.

As intervencións do PT se definirán nos primeiros días de cada curso en decisión conxunta do Departamento de Orientación, entre aquel alumnado que requira ACS e aqueles outros que polas súas características particulares así o requiran. As sesións e a tipoloxía de atención da especialista estarán baseadas nas indicacións dos informes psicopedagóxicos do alumnado con NEAE.

As ACS aplicaráselle ao alumnado que leve un retraso significativo na adquisición dos coñecementos dalgunha ou algunhas materias. A súa detección farase a partir dos informes de avaliacións anteriores e a súa aplicación será levada a cabo polo profesorado do grupo de referencia do alumno ou alumna, apoiado polo PT. Na avaliación inicial determinarase a necesidade dalgunha Adaptación Curricular máis segundo as necesidades que presente o alumnado.

O profesor de Pedagogía Terapéutica terá dous modos de intervención co alumnado:

- Dentro da aula: Será o seu modo de intervención máis aplicado, colaborando co profesor da materia e atendendo a aqueles alumnos e alumnas que requiran un apoio específico.
- Fóra da aula en pequeno grupo: En casos particulares o PT atenderá na súa propia aula a pequenos grupos de alumnado con carencias significativas en certas áreas, que requiran a súa atención de apoio e poidan traballar de xeito conxunto.

4. RECURSOS E MATERIAIS. (ESPECIFICAR, NO SEU CASO, RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO POR NIVEL EDUCATIVO CON EXPRESIÓN DA DATA DE APROBACIÓN POR PARTE DA INSPECCIÓN EDUCATIVA).

4.1 Recursos

4.1.1 AULAS

Todas as aulas están dotadas de mesas e cadeiras para o alumnado e profesorado, pizarra, corcho para avisos, estantería para Biblioteca de Aula, Ordenador de aula, Proxector e Pizarra Dixital ou Pantalla.

O número de aulas é de 12.

4.1.2 AULAS ESPECÍFICAS:

- 2 Aulas de informática dotadas con 21 e 25 ordenadores (con 1 almacén anexo)
- 1 Aula de Plástica
- 1 Aula de Música
- 1 Aula de Pedagogía Terapéutica
- 1 Laboratorio de Física
- 1 Taller de Tecnoloxía
- Ximnasio

4.1.3 BIBLIOTECA:

A Biblioteca é un dos recursos utilizados tamén pola comunidade educativa con máis de 12000 volumes, con ordenadores a disposición dos seus usuarios, con Bibliotecas de Aula en cada curso,cos seus libros repartidos por todo o centro, con Clubs de Lectura,...

4.1.4. OUTROS ESPAZOS

- Sá de profesores
- Consexería
- Despachos: Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría, Orientación
- Oficina de administración
- Aula de titorías
- Ascensor

O noso centro non conta con departamentos. O profesorado ten todo o material que usa na sá de profes.

4.2 Libros de texto

Programa EDIXGAL en todos os cursos.

5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.

O artigo 18 do Decreto 156/2022, que establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidades de Galicia, suliña a relevancia dos elementos transversais na Programación. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Dunha maneira máis concreta, establecemos as seguintes liñas de actuación:

- Actuar con responsabilidade, coñecendo os seus dereitos e deberes na sociedade, actuando con tolerancia e fomentando a cooperación e a solidariedade.
- Exercitar a lectura e o diálogo como instrumentos básicos para a consolidación dunha personalidade e talante democráticos. Por exemplo: lecturas propostas do Proxecto Lector, exposición e defensa oral de traballos de aula.
- Empregar con soltura os medios tecnolóxicos ao alcance do alumnado como ferramenta de aprendizaxe nun actual contexto no que o audiovisual e a tecnoloxía teñen unha forte presenza e evolucionan con moita rapidez, ao tempo que é preciso darlles un uso responsable.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condicións necesarias para a futura convivencia dentro e fóra do ámbito académico - laboral e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- Fortalecer as capacidades afectivas para mellorar unha relación cívica na sociedade, aprendendo a identificar e rexeitar a violencia e os prexuízos de calquera tipo e resolver conflitos dun xeito pacífico. Por exemplo: o traballo en grupo estimula a comprensión, a cooperación entre o alumnado e melloran a autoestima.
- Adquirir coñecementos científicos que redunden nun maior respecto polo medio ambiente e do propio corpo humano, axudando a adquirir hábitos e condutas saudables e respectuosas.
- Coñecer, valorar e respectar aspectos da cultura, historia e arte da nosa e doutras culturas, base para un entendemento e convivencia pacíficos.
- Valorar a importancia de observar as normas comúns na comunidade escolar, elemento chave para a interiorización e cumprimento fóra do entorno escolar, dos preceptos mais establecidos na nosa sociedade ou a normativa en materia de seguridade vial.
- Coñecer e respectar a sexualidade propia e allea, tomando conciencia da necesidade de erradicar condutas nocivas como a homofobia ou a violencia de xénero.

6. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO (Especificar para cada un deles xustificación da necesidade, data de implantación,...):

6.1 Innovación e calidade educativa:

Pensando na mellora da Calidade Educativa o IES A Illa de Arousa toma parte en diferentes proxectos e programas, algúns deles de forma puntual, pero a maioría son de forma prolongada no tempo, de xeito que

os seus beneficios se consoliden na práctica educativa.

6.1.1 PLAMBE

O noso centro comeza o seu traballo dentro de PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares), dende o ano 2009 este. Plan está traballando nunha mellor organización e xestión da nosa Biblioteca, así como na súa dinamización e apertura a todos os colectivos que formamos parte do IES.

Trabállase en colaboración coa Biblioteca Municipal.

Algunhas das principais aportacións do PLAMBE aos diferentes colectivos do IES son: recomendación de lecturas, exposición de libros atractivos para os posibles lectores, asesoramento e axuda aos lectores, Clubs de Lectura, Hora de Ler, Mochilas Viaxeiras, visitas de escritores e escritoras, adquisición de libros recomendados ou solicitados polos diferentes usuarios, ...

O horario de apertura da biblioteca é durante os recreos para alumnado e profesorado. E durante o resto da xornada lectiva tamén está aberta, contando con un profe de garda en dito espazo.

6.1.2 CONTRATOS PROGRAMA

O noso IES leva varios anos participando en diferentes Contratos- Programa: Durante varios cursos, participamos en:

- **CP- Inclúe:** tanto na liña edu-emociona como edu- convive: para favorecer o clima escolar e a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa, como para traballar a competencia socioemocional.

- **Programa ARCO e PROA +:** Desde o curso 2020-2021, por mor da situación da pandemia, participamos nestes programas para apoiar o alumnado vulnerable para a mellora do seu rendemento académico e desenvolvemento do éxito educativo e lograr que unha porcentaxe elevada ou todo o alumnado do IES acade o Título de graduado en ESO. O programa ARCO rematou no curso 2021-2022.

6.1.3 PROGRAMAS DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Desde o ano 2018, estamos traballando no IES Cunha PFPP. No curso 19-20, traballamos na liña de traballos por proxectos e no curso 21-22 o PFPP está relacionado cos contratos programa.

6.1.4 EDIXGAL:

No curso 2020-2021, O noso IES solicitou o programa EDIXGAL para o alumnado de 1º ESO. A partir do curso 2022-2023 traballamos co programa en todos os cursos.

7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (FACER CONSTAR DATA DE AUTORIZACIÓN XT):

No Decreto 156/2022, do 15 de setembro, os centros disporán de horas de libre disposición. No primeiro e no segundo cursos os centros docentes contarán con dúas sesións lectivas de libre disposición. No noso IES. En 1º ESO, unha das horas será para a materia de LGL e a outra para Inglés e en 2º ESO, unha será para LCL e a outra para Matemáticas.

8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR E ORGANIZAR AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

En consoancia coas actividades académicas, o centro educativo ofrecerá actividades extraescolares e complementarias que proporcionen aos alumnos experiencias de aprendizaxe no eido cultural, deportivo e recreativo de acordo ao seu proceso madurativo, e que contribúan ao fomento dos valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación entre iguais.

Mediante estas actividades pretendemos que os alumnos:

- a) Consigan aprendizaxes nun contexto distinto e atraente.
- b) Adquiran uns valores e actitudes como a tolerancia e o respecto, que son fundamentais tanto para integrarse no medio social como no entorno natural.
- c) Sexan máis autónomos.
- d) Aprendan a utilizar o seu tempo de ocio dun xeito activo e san.

8.1. Integrantes do departamento de actividades complementarias e extraescolares

Este departamento está composto polo xefe/a de departamento, o profesor encargado da biblioteca e tamén a profesora encargada de dinamización da Lingua Galega.

8.2. Funcións do DACE

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargarase de promover, organizar e facilitar as actividades complementarias e extraescolares. Correspóndelle ao xefe/a do departamento as seguintes funcións:

§ Elaborar o Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares. O xefe/a de departamento elaborará este Programa para a súa inclusión na Programación Xeral Anual, contando para iso coas propostas que lle fagan chegar os departamentos didácticos durante o mes de outubro.

§ Organizar as actividades complementarias propias do Centro: corresponderalle ao xefe/a do departamento coordinar o desenvolvemento destas actividades coa axuda dos demais departamentos didácticos.

§ Promover e coordinar a avaliación das actividades realizadas e integrais na memoria final do Programa de Actividades.

8.3 Criterios xerais para o deseño e a realización de actividades extraescolares

Establécense como criterios xerais para o deseño e a realización das actividades extraescolares os seguintes:

1. As actividades deben estar programadas a comezo de curso polo departamento didáctico correspondente, co fin de poder ser comunicadas ao departamento responsable das mesmas, o departamento de Actividades Extraescolares, e poder así, ser aprobadas previamente polo Consello Escolar, órgano competente para dar luz verde antes da súa aplicación. Departamento que tamén ten a obriga de facer público a través de tódalas vías dispoñibles as datas e horarios das actividades a realizar.
2. As actividades extraescolares non se deseñarán con carácter exclusivo para ciclos e grupos

exclusivos, podendo ser máis transversais á hora de incluír ao alumnado participante.

3. O centro contempla a financiación dalgunha actividade extraescolar por departamento e curso lectivo sempre e cando dita actividade estea programada dende principio de curso e comunicada nos tempos e formas establecidos no punto 1.

4. O alumnado con faltas de orde ou con expedientes disciplinarios, poderá perder o dereito a ditas actividades según se recolle no Decreto 8/2015.

4. Obrigatoriedade. As actividades programadas dentro do horario lectivo teñen en principio carácter obrigatorio, salvo excepcións moi específicas, e se un alumno non participa nunha actividade ten a obriga de permanecer no centro.

5. As instalacións do centro poderán ser empregadas por membros da comunidade educativa para a realización de actividades extraescolares fora do horario lectivo. Neste tipo de actividades contémpanse aquelas organizadas pola AMPA

A modo de síntese, ademais dos criterios xa establecidos, é fundamental unha fluída coordinación de tódolos membros da Comunidade Educativa para o bo funcionamento das actividades extraescolares.

9. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).

Consideramos as tarefas extraescolares como un feito máis do proceso de ensino aprendizaxe, que pode e debe axudar ao adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe. O que debemos evitar é que interfiran no tempo de lecer necesario para un correcto desenvolvemento dos rapaces e rapazas en idade escolar, así como en outras actividades formativas que poidan realizar fora do horario escolar.

Con todo isto consideramos que as tarefas extraescolares deben cumprir os seguintes requisitos:

- Autonomía: Que poidan ser realizadas polo/a alumno/a autonomamente. As tarefas deben ser realizadas polo alumnado, non por as súas familias ou profesores particulares, inda que estes poden colaborar na explicación e control das tarefas realizadas.
- Cantidade: Que non supoñan un tempo de realización excesivo.
- Calidade: Que sexan o máis motivadoras posibles.

10. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO (modelo unificado de información sobre as programacións, uso da axenda escolar, uso da páxina web, reunións, titorías pais, aula virtual...)

A comunicación continua e fluída entre os diferentes colectivos do sistema educativo favorece a calidade e claridade deste, para isto contamos con diferentes sistemas de comunicación e os seus correspondentes modelos comunicativos, os principais son os que se relacionan a continuación.

10.1 Presentacións alumnado

O primeiro día de curso realizarase a presentación do centro, das súas normas, darase publicidade aos documentos do centro (NOFC; Programacións, ...) e dos horarios a cada un dos grupos por parte do titor/a. Previamente, no mes de maio-xuño (antes da chegada ao IES) se lle fai unha visita polo centro.

10.2 Comunicación inicio de curso. Familias

Durante os primeiros días de cada curso remitiranse unha reunión coas familias, na que se lle informa sobre os diferentes documentos do IES, NOFC,... e informárase das diferentes canles de comunicación, facendo especial incidencia no Espazo Abalar.

10.3 Espazo ABALAR (familias)

A facilidade do seu uso, así como a súa inmediatez fai deste recurso de comunicación coas familias o máis eficaz dos que están a nosa disposición. Para que ademais sexa realmente útil é necesario que as familias descarguen a App correspondente nos seus teléfonos móbiles, polo que desde o centro procuramos darlle a máxima difusión.

A utilización do Espazo Abalar para a comunicación das Faltas e Notas, así como para o envío de información por parte do centro, e a posibilidade de xustificar faltas e concertar citas por parte das familias son os seus principais puntos fortes.

10.4 Notas (familias)

Ademais de polo Espazo Abalar (onde a comunicación de notas realízase de forma inmediata no momento no que se pechan as actas) dende o centro remitírase ás familias comunicación das notas no modelo de Informe que provee o XADE o último día de cada avaliación, ademais coas notas da avaliación ordinaria (ou extraordinaria para aquel alumnado que deba realizala) entregárase ás familias que corresponda un Consello Orientador de cara ao seguinte curso.

O alumnado deberá traer o xustificante asinado polo seu pai/nai ou titor legal, de ter recibido as cualificacións, e este gardarase, ata (polo menos) 2 meses despois de rematado o curso correspondente.

10.5 AULA VIRTUAL (Alumnado)

A Aula Virtual é un medio de interacción docente entre o profesorado e o alumnado. A través dela o profesorado pode subir apuntes, ter un repositorio de ideAs, noticias, enlaces a páxinas de interés, etcétera. Poden suxerirse actividades a realizar online, con corrección automática, preguntas a responder a través da aula, cualificacións e comentarios. Ademais pódense ter actividades Ocultas, Voluntarias ou Obrigatorias, ou Foros de consulta e discusión.

10.6 Titorías (Familias)

Todo o profesorado terá unha hora semanal de atención ás familias dos seus alumnos e alumnas, pero a información preferentemente realizarase a través dos tutores e titoras dos grupos.

10.7 Páxina Web e Blogs (Alumnado e Familias)

Na páxina Web do centro informarase de toda a actualidade do noso centro, dando información das diferentes actividades que se realizan así como sobre os procesos de reserva de praza e matrícula, exames extarordinarios, ...

Nesta páxina tamén estarán a disposición de toda a comunidade educativa os diferentes documentos organizativos do centro.

O centro conta cunha serie de Blogs, que facilitan a comunicación e a relación entre os estudiantado, as familias e o Centro.

11. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

11.1. Datas de avaliación. Modelo de actas

As datas de avaliación correspondentes ao curso 2023-24 son as seguintes:

Avaliación inicial: 2 e 3 de outubro

- 1ª avaliación: Decembro
- 2ª avaliación: Marzo
- 3ª avaliación: Xuño
- Ordinaria: Xuño

ACTAS

Adxuntamos o modelo de actas que recollen a información obtida na sesión da avaliación (ANEXO I)

11.2. Avaliación inicial

As sesións da avaliación inicial leváronse a cabo en outubro (días 2 e 3). Nesta sesión tratamos os seguintes aspectos:

- **Informes diagnósticos** sobre a diversidade do alumnado. Este tipo de información proporcionaselle ao profesorado desde o inicio de curso a través de xuntanzas puntuais con orientación, xefatura, dirección e equipo docente correspondente. Na sesión da avaliación inial coméntanse as dificultades e posibles solucións.
- **Tipo de probas.** Existen, basicamente, dous tipos de probas iniciais:
 - Probas específicas de nivel
 - Probas integradas no currículo do curso actual

En calquera dos casos, a información obtida revela datos académicos que se valoran e se poñen en común na sesión da avaliación inicial.

- **Medidas adoptadas. (modelo de acta de avaliación)** Cada titor/a recolle a información pertinente sobre o alumnado que proporciona tanto o equipo docente como Orientación. Entre as medidas adoptadas salientamos:
 - Medidas adoptadas a nivel grupo-clase
 - Medidas individuais
 - Información ás familias. Concretar citas para o seguimento d@ alumn@ con dificultades de aprendizaxe e/ou ou comportamento

11.3. Criterios xerais de promoción do alumnado por curso/etapa

Os criterios de promoción recóllense no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 8. Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da

alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, **acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, **o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes** (estes apartados deberán ir recollidos nas actas da avaliación):

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, de materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. Terase especialmente en conta:

- Se o alumno/a ten a C.L suspensa en algunha das materias de L. Galega, L. Castelá e L. Inglesa nas que está matriculado/a.

- Se o alumno/a ten a STEM suspensa en algunha das materias de ciencias nas que está matriculado/a: Matemáticas, FQ, Bio, Tecnoloxía e Dixitalización.

d) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación. Terase en conta, se o alumno ou alumna tivo durante o curso académico algún problema familiar ou persoal, algún problema de saúde, a situación socio-familiar de dito alumno/a.

e) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. Terase en conta que se o alumno/a continua co grupo de iguais ou coa alumna/o de referencia beneficie a súa evolución.

Na decisión do equipo docente terase en conta que o alumno/a se presentase, durante todo o curso, ás probas e realizase as actividades necesarias para a súa avaliación.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

4. Para a elaboración e o seguimento **do plan de reforzo** ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación

das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Artigo 9. Consello Orientador

1. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a titoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

2. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

11.4. Criterios de titulación

Os criterios de titulación recóllense no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 10. Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere **todas** as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, de materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquise as competencias clave establecidas.

Terase especialmente en conta:

- Se o alumno/a ten a C.L suspensa en algunha das materias de L. Galega, L. Castelá e L. Inglesa das que está matriculado/a.

- Se o alumno/a ten a STEM suspensa en algunha das materias de ciencias nas que está matriculado/a: Matemáticas, FQ, Bio, Ed. Dixital e Tecnoloxía.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Na decisión do equipo docente terase en conta que o alumno/a se presentase, durante todo o curso, ás probas e realizase as actividades necesarias para a súa avaliación.

3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

11.5. Protocolo para a elaboración de plans específicos para alumnado repetidor

O artigo 8. Promoción establece:

1. O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas.

3. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento

11.6. Criterios xerais para o tratamento das materias pendentes

1. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Como normas xerais, acórdanse as seguintes:

- **Mecanismos para o seguimento**

Todos os departamentos elaboran material específico para a recuperación da materia. O reparto das tarefas está temporalizado. Basicamente os departamentos traballan coa seguinte modalidade:

- Tres entregas ao longo do curso (novembro, febreiro e maio). Seguimento periódico e corrección das tarefas. 3 Probas parciais en novembro, febreiro e maio e proba final en xuño.

- **Como se avalía**

Segundo as programacións dos diferentes departamentos. (Cada departamento debe ter recollido o número de probas a realizar, tipo de probas e a cualificación)

- **Cualificación final**

A cualificación final será o resultado das anteditas probas que se deseñarán a partir dos contidos mínimos e o nivel de competencias que corresponda á materia. Cada departamento debe ter recollido e publicado como será esta cualificación, a porcentaxe de cada proba, traballo... para a nota final. Así como se fai algunha recuperación.

11.7. Procedemento de revisión e reclamacións das cualificacións

Segundo a **ORDE do 2 de marzo de 2021** régúlase o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e establécese o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas en educación secundaria obrigatoria.

O alumnado do IES da Illa de Arousa poderá solicitar aclaración do profesorado acerca dos procesos de aprendizaxe ou, se é o caso, presentar reclamación en relación coa decisión que se adopten como resultado da avaliación.

O alumnado terá dereito a ver as probas que leven cualificación e a coñecer os criterios de avaliación de ditas probas, así como os criterios de avaliación trimestral e anual.

No caso de que haxa un desacordo coa cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno/a, este/a ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

A solicitude que teña por obxecto a revisión dunha cualificación, que conterà cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación final ou coa decisión adoptada, será tramitada a través da xefatura de estudos, quen a trasladará ao equipo docente ou ao departamento didáctico responsable da área, materia ou ámbito con cuxa cualificación se manifesta o desacordo, e comunicará tal circunstancia á persoa docente titora. Cando o obxecto da revisión sexa a decisión de promoción ou titulación, a solicitude trasladarase á persoa docente titora do alumno ou alumna, como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.

Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a revisión dunha cualificación final, no primeiro día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, cada equipo docente ou departamento didáctico, segundo proceda, analizará as solicitudes de revisión recibidas e elaborará os correspondentes informes que recollan a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, os membros do equipo docente ou do departamento didáctico contrastarán as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumno e alumna co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollese no informe:

- a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.
- d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

O equipo docente ou o departamento didáctico correspondente trasladará o informe elaborado á xefatura de estudos, quen comunicará por escrito como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, ao alumnado, ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará desta á persoa docente titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado co xustificante de recepción pertinente.

Á vista do informe elaborado polo equipo docente ou departamento didáctico e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro e aplicados ao alumno ou alumna, a xefatura de estudos e a persoa docente titora, como persoa coordinadora do proceso de avaliación, considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria o equipo docente co fin de que este, en función dos novos datos achegados ou pola solicitude das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe

a representación legal, se for o caso, valore a necesidade de revisar as decisións adoptadas.

Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, celebrarase unha reunión extraordinaria no prazo máximo de dous días lectivos, ou se for o caso hábiles, desde a finalización do período de solicitude de revisión. Na reunión revisarase o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas. Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou titulación dos alumnos e alumnas establecidos con carácter xeral na proposta curricular. A dirección do centro comunicará por escrito ao alumno ou alumna e ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.

Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, ou ben da decisión de promoción ou titulación adoptada, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.

As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital, tras solicitalo por escrito á dirección do centro.

No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade .

O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

- a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.
- d) Cumprimento por parte do centro do disposto na Orde do 2 de marzo de 2021

No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a xefatura territorial adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.

Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é

o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación. Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirse o equipo docente en sesión extraordinaria

De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

MODELOS DE RECLAMACIÓN

(ANEXO II)

11.8. Criterios xerais do outorgamento de Mencións Honoríficas

Poderase conceder a matrícula de honra ao 5% do alumnado cun número superior a 15 do alumnado matriculado no 4º curso sempre que “na avaliación ordinaria do mes de xuño obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9”.

Segundo a resolución do 6 de xuño do 2023, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, as cualificacións obtidas na avaliación final das ensinanzas de relixión e na materia Proxecto Competencial non computarán no cálculo da media para os efectos da mención de matrícula de honra.

En caso de empate, deberase ter unha nota media superior en 3º da ESO.

De seguir o empate, deberase ter unha nota media superior en 2º da ESO.

De manterse o empate, deberase ter unha nota media superior en 1º da ESO.

Maior número de sobresaíntes durante toda a Secundaria.

11.9. Criterios xerais para o cambio de materias a inicio de curso

Para o cambio de materias, valorarase cada caso de forma individual en función de criterios pedagóxicos e da organización académica do curso.

O prazo para o cambio é de 2 días hábiles dende o inicio das clases.

12. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

A periodicidade de revisión obedece aos criterios de avaliación:

Por trimestre, para axustar os contidos. A revisión conlevará o reaxuste dos contidos nas seguintes avaliacións para organizar a materia en todo o curso escolar.

Por curso, para revisar as liñas xerais, sobre todo de carácter metodolóxico.

- **Posta en común** nas xuntanzas de departamento e da CCP.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				

2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

13. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Os criterios xerais de elaboración responden aos seguintes aspectos:

1. A programación didáctica elaborárase por nivel educativo para cada unha das áreas, materias e ámbitos e será a mesma para todos os grupos do nivel.
2. O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo información relevante de cada unidade didáctica: as datas de inicio e fin de impartición e as sesións realizadas, o grao de cumprimento respecto ao planificado, as propostas de modificación e/ou mellora, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e, de ser o caso, observacións.
3. Os centros docentes utilizarán a aplicación informática Proens para a elaboración.

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach.].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				



Resultados	Nº	%
Aproban todo	0	0
Suspenden 1 materia	0	0
Suspenden 2 materias	0	0
Suspenden 3 materias	0	0
Suspenden 4 materias	0	0
Suspenden 5 ou máis materias	0	0

Materias	Aprobados	
	Nº	%
Bioloxía e xeoloxía	0	0
Valores éticos	0	0
Xeografía e historia	0	0
Educación Física	0	0
Lingua estranxeira-Inglés	0	0
Lingua castelá e literatura	0	0
Lingua galega e literatura	0	0
Matemáticas	0	0
Oratoria	0	0
2ª Lingua estranxeira-Francés	0	0
Educación plástica, visual e audiovisual	0	0



Asistentes/sinatura	Acordos/Observacións xerais do grupo
	1. Durante a sesión de avaliación identificamos as seguintes dificultades:
	a) con respecto á actitude do alumnado:
	b) en canto ao rendemento académico:
	c) outras:
	2. A Xunta de Avaliación acorda as seguintes medidas comúns:
	a) en relación á mellora do rendemento académico:
	b) en relación á mellora da convivencia no grupo:
	c) outras:

ANEXO II



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
DA ILLA DE AROUSA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



Modelo reclamación ante o centro

DATA:
ASUNTO: RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS

Ref.: Reclam_cualif-final
DESTINATARIO: SR./SRA. DIRECTOR/A DO _____

ALUMNO/A:		DNI:
Persoa que formula a reclamación e relación co/coa alumno/a		DNI:
Enderezo a efectos de notificacións		
MATERIA		
CURSO		

Visto que a cualificación final dada na citada materia e nivel foi a seguinte: e estando en desacordo coa mesma,

formúlase a presente reclamación en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación	
	a) A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recolleitos na correspondente programación didáctica.
	b) Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
	c) A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foi correcta.

Adicionalmente aos feitos alegados en xeral, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na decisión sobre a presente reclamación:

--

Documentación achegada coa reclamación:

--

En _____, a _____, de 20_____

O/a alumno/a ou persoa reclamante*

Asdo.:

* A reclamación será formulada polo/a alumno/a no caso de ser maior de idade e polas súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, no caso de ser menor de idade.



Modelo informe de departamento/equipo docente

En....., sendo as horas do día de de 20.., reúnen-se os membros do departamento/equipo docente que se citan de seguido, para tratar a revisión da cualificación final outorgada polo/a profesor/a ao/á alumno/a de da materia/área

ASISTENTES:

Recibida da dirección do centro, en prazo e forma, a reclamación en primeira instancia sobre a cualificación final outorgada ao/á alumno/a arriba indicado, este departamento/equipo docente, logo de examinar as actuacións seguidas no proceso de avaliación do/a alumno/a, no marco da programación didáctica, informa o seguinte:

1. Descrición de feitos e actuacións previas

2.-Analizada a adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe sobre os que se realizou a avaliación do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a reclamante, en relación co establecido na programación didáctica, conclúese que a súa correspondencia é a que se indica:

Elemento da programación	Corresponden cos establecidos na PD	Non se corresponden
Obxectivos		
Contidos		
Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe		

3.-Analizados os procedementos e instrumentos de avaliación aplicados ao/á alumno/a reclamante en relación co sinalado na programación didáctica, dedúcese que si foron/non foron correctamente desenvolto, xa que

4.-Analizada a aplicación dos criterios de cualificación, comprobando que estes se corresponden cos establecidos na/s páxina/as.....da programación didáctica, estímase que foron/non foron correctamente aplicados, xa que.....

5.-Considerando a información obtida da análise dos elementos anteriores, os membros do departamento acordan por unanimidade / maioría

	Ratificar la cualificación anteriormente outorgada.
	Modificar a cualificación de outorgada na sesión de avaliación ordinaria/extraordinaria por

A xefatura do departamento/ A persoa titora

Sinatura dos restantes membros do departamento/equipo docente

Asdo.:

Xefatura de estudos do centro.....



**XUNTA
DE GALICIA**

**INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
DA ILLA DE AROUSA**



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



Modelo comunicación dirección reclamación cualificacións

Asunto: Reclamación á cualificación

Reclamante:

Materia:

Curso:

Vista a reclamación presentada por alumno/a no *nome do centro* perante a dirección do centro o día contra a cualificación final outorgada na materia de curso de educación infantil/educación primaria/ESO/Bacharelato, tendo en consideración:

Primeiro:

Segundo:

COMUNICA

A decisión de ratificación/modificación da cualificación final obxecto de revisión mantendo/outorgando a cualificación de ante a reclamación presentada en data por contra a cualificación outorgada na materia de de educación infantil/educación primaria/ESO/Bacharelato.

Contra a decisión de ratificación ou modificación da cualificación revisada, de persistir o desacordo coa cualificación final, poderase presentar por escrito á dirección do *nome do centro*, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a Xefatura Territorial de da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

En, a, de 20.....

O/A Xefe/a de estudos

Asdo.:.....



Modelo reclamación ante a Xefatura Territorial

DATA:	Ref.: Reclam_cualif-final_XT
ASUNTO: RECLAMACIÓN ANTE A XEFATURA TERRITORIAL CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS	DESTINATARIO: SR./SRA. DIRECTOR/A DO _____

ALUMNO/A:		DNI:
Persoa que formula a reclamación e relación co/coa alumno/a		DNI:
Enderezo a afectos de notificacións		
MATERIA		
CURSO		

Visto que a cualificación final dada na citada materia e nivel foi a seguinte: e estando en desacordo coa decisión adoptada tras o procedemento de revisión no centro comunicada en data, formúlase a presente reclamación para a súa elevación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación	
	d) A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recolleitos na correspondente programación didáctica.
	e) Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
	f) A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foi correcta.

Adicionalmente aos feitos alegados en xeral, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na resolución da presente reclamación:

Documentación achegada coa reclamación:

En _____, a _____, de 20

O/a alumno/a ou persoa reclamante*

Asdo.:

* A reclamación será formulada polo/a alumno/a no caso de ser maior de idade e polas súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, no caso de ser menor de idade.

ANEXO III

RÚBRICA TEXTO EXPOSITIVO					
	CRITERIOS	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL
ADECUACIÓN E COHERENCIA	Introdución (0.25)	Presenta a idea principal, a súa importancia e algunhaestraxia de motivación.	Non cumpre un oudous elementos do nivel satisfactorio.	Non presenta todos os elementos. Desorde no desenvolvemento do tema.	Non cumpre os obxectivos. Plaxio evidente.
	Desenvolvemento (0.5)	Enumera e explica os diferentes apartados: orixe, características, causa-consecuencia, exemplos, comparacións...	Non cumpre un oudous dos elementos necesarios.	Os parágrafos do desenvolvemento son insuficientes. Non mostra os aspectos máis relevantes.	Non cumpre os obxectivos. Plaxio evidente.
	Conclusión (0.25)	Síntese de ideas principais. Conclusión- opinión.	Non cumpre algún elemento do nivel satisfactorio.	Evidencia incoherencia no desenvolvemento do tema.	Non cumpre os obxectivos. Plaxio evidente.
PRESENTACIÓN E GRAMATICALIDADE	Presentación (0.25)	Presenta portada, índice, fotos, gráficos, webgrafía.	Non cumpre algún elemento do nivel satisfactorio.	Só aparece algún elemento dos requeridos.	Non cumpre os obxectivos.
	Aspectos tipográficos (0.5)	Tipo de letra, títulos, apartados, espazos, marxes, interlineado, sangrías...	Non cumpre un oudous apartados do nivel satisfactorio.	Só cumpre algún dos elementos requeridos.	Non cumpre os obxectivos.
	Ortografía (0.25)	Corrección ortográfica e puntuación axeitada.	Ortografía e puntuación correctas, pero presenza de castelanismos.	Presenza de castelanismos e solucións ortográficas contrarias á norma.	Castelanismos, erros graves de ortografía e puntuación.
TOTAL					

RÚBRICA EXPOSICIÓN ORAL

BAREMOS					Alumn@s						
					Tema						
Ins. 0-2	Frouxo 3-4	Acep. 5-6	Ben 7-8	M.B. 9-10							
CRITERIOS DE VALORACIÓN											
<i>Interacción co auditorio: (1 p.)</i>											
Uso adecuado de miradas, xestos, movementos...											
<i>Voz: (1 p.)</i>											
Ritmo axeitado: ninmoi rápido nin lento											
<i>Espertan o interese e a atención do público: (1 p.)</i>											
Planteamento de preguntas ou ideas previas											
Insistencia nas ideas principais											
<i>Propiedades textuais (4 p.)</i>											
Adecuación: corrección lingüística, rexistro, léxico...											
Ordenación lóxica da información											
Non repeticións, lagoas nin rupturas da orde											
Uso axeitado dos conectores e da unión entre as partes											
<i>Exposición oral: (3 p.)</i>											
Desenvolvemento das ideas con claridade											
Independencia a respecto das súas notas											
Conclusión final: reseña do fundamental											

Apoio audiovisuals							
Orixinalidade na exposición							
TOTAL							
<i>Adaptado do Proxecto Cíceros (MEC)</i>							

A Illa de Arousa, abril 2022

A directora:

Rita M^a Martínez Portas